


## Sinsal publica as 'Sesións San Simón', as gravacións en cilindro fonográfico nas que participaron as artistas da pasada edición do festival

Os rexistros, realizados polo experto Aleks Kolkowski, pódense escoitar a través da páxina web da promotora do Sinsal, [www.sinsalaudio.es](http://www.sinsalaudio.es)

O cineasta vigués Álex Cancelo tamén recolleu en vídeo as gravacións, cuxas primeiras pezas amosan a participación de Hatis Noit, Fillas de Cassandra ou Ana Lua Caiano nesta proposta, aberta ao público durante a celebración do evento



**Redondela, 9 de febreiro de 2024.-** Xa están dispoñibles en aberto as primeiras **Sesións San Simón**, as gravacións en cilindro fonográfico realizadas durante a pasada edición do festival Sinsal SON Estrella Galicia polo experto Aleks Kolkowski. Os primeiros audios, que se acompañan ademais dunha peza audiovisual, pódense escoitar [a través da páxina web da promotora do evento](http://www.sinsalaudio.es), Sinsalaudio.



As **Sesións San Simón** forman parte das actividades paralelas do Sinsal, que cada verán se celebra na illa de San Simón. Nelas participan de xeito activo as bandas e solistas que conforman o cartel secreto do festival, e consisten **no rexistro dunha canción, de dous minutos, nun cilindro de cera**. As sesións, realizadas en distintos espazos do arquipélago, son abertas para o público asistente.

Ademais do rexistro da canción, Sinsal recolle tamén esta gravación en vídeo da man do cineasta vigués Álex Cancelo. As piezas audiovisuais pódense visualizar a través do web [www.sinsalaudio.es](http://www.sinsalaudio.es), na que xa están dispoñibles as sesións nas que participaron Hatis Noit, Fillas de Cassandra, Ana Lua Caiano, Duo Ruut, Dal:um, Leenalchi ou AGD7.

## Sinsal 2024

O Festival Sinsal SON Estrella Galicia 2024 celebrará a súa nova edición na illa de San Simón os días **26, 27 e 28 de xullo**. O evento cultural do cartel secreto, que o público só descubre ao desembarcar, volverá ofrecer unha programación musical caracterizada pola diversidade de estilos musicais e orixes das bandas e solistas que convivirán no corazón da Ría de Vigo a última fin de semana de xullo. Alén das actuacións, durante o festival sucédense numerosas actividades paralelas divulgativas, á fin de dar a coñecer **a historia e o patrimonio cultural e natural de San Simón**; ademais de propostas vinculadas á **sostibilidade ambiental** e concienciación, ou á recuperación dos **arquivos sonoros**, que se traducen en iniciativas recollidas como as **Sesións San Simón**.

## Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 - [prensa@sinsalaudio.org](mailto:prensa@sinsalaudio.org)

Sala de prensa | <http://festival.sins.al/gl/prensa>